



CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000010
Exp. 2022/G003/002016

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 21-06-2022, ditou a resolución con número 1930/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Nomeamento do órgano de selección, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos na fase de concurso e celebración dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 5 socorristas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do Concello de Carballo.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución núm 1733/2022 de 06/06/2022 foron probadas as bases da convocatoria para a selección, mediante o sistema de concurso- oposición libre, de cinco (5) persoas (coa categoría profesional de socorrista - oficial 2ª e posterior contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción, que desenvolverán o seu traballo nas praias do Concello de Carballo de acordo coas necesidades do servizo. Estas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 110 do día 10/06/2022 e foron publicadas tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello e nas páxinas locais do Diario de Bergantiños e da Voz de Galicia do 11/06/2022.

Segundo.- Por Resolución 1887/2022 de 16/06/2022 foi aprobado a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo e publicado no taboleiro de anuncios do mesmo día, o prazo de subsanación era de 3 días hábiles.

Terceiro.- En data 20/06/2022, ten entrada no Concello de Carballo un escrito con rexistro de entrada núm. 202200000003517, un Informe da técnica de Intermediación laboral do **Proyecto Coruña Suza, Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación de Ayudas del Fondo Social Europeo 2014-2020**, do Concello da Coruña, no que se acredita que o aspirante *Pablo Negreira Caamaño remata o 08/07/2022 as prácticas conducentes á obtención do Certificado de Profesionalidade alegado como requisito de admisión, polo que o Sr. Negreira Caamaño non está en disposición de presentar o título de Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente á data de finalización do prazo de presentación de instancias que é unha das condición esixidas na Base 3.2 e polo que resultou excluído na Resolución provisional 1887/2022 de 16/06/2022.*

Á vista do exposto, e en uso das atribucións que confire á alcaldía o art. 21 do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 5 socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático, segundo o detallado no Anexo I.

Segundo.- Designar o Órgano de Selección previsto na base quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: D^a. **María Eugenia López Balbís**, Administrativa do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Mauricio Calvo Vidal**, Suboficial-Coordinador do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Vocais:

- Titular: **D. José Luis Barca Añón**, Xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.
Suplente: **D. Alejandro Cousillas González**, Administrativo do Concello de Carballo.
- Titular: **D. Juan Manuel Barca Añón**, Xefe do parque de bombeiros do Concello de Santa Comba.
Suplente: **D. Juan Manuel Corral Sánchez**, encargado de Protección Civil do Concello de Boqueixón.
- Titular: **D. Ramón Pérez Barrientos**, Coordinador de Protección Civil do Concello de Muxía.
Suplente: **D^a. Olivia García Trasancos**, Coordinadora de Protección Civil do Concello de Bergondo.

Secretario/a:

- Titular: **D^a. María Luz Fernández Sandá**, Administrativa do Concello de Carballo
Suplente: **D. Vitor Recarei Añón**, Administrativo do Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- De acordo coa base quinta da convocatoria nomear como asesores do Tribunal, que actuarán con voz e sen voto, para a realización da primeira proba (probas físicas) a **D. Francisco Díaz del Valle** xefe do Servizo de Instalacións deportivas do Concello de Carballo

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **valoración de méritos na fase de concurso** que terá lugar **o mércores 22 de xuño de 2022 ás 09:00 horas**, na Base de Protección Civil situada na Avda. do Ambulatorio, s/n, de Carballo.

Quinto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración de tódolos exercicios da **fase de oposición** que terá lugar **o mesmo mércores 22 de xuño de 2022 ás 09:30 horas**

De acordo coa base 6.1 a cal establece que cando o tribunal o considere conveniente poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada. Deste xeito, convócase aos aspirantes para a celebración de tódolos exercicios, co seguinte desenvolvemento:

- **Primeiro exercicio: Probas de aptitude física, ás 09:30 h.** na **Piscina Carballo Calero**, sita na zona Colexio Bergantiños de Carballo. Unha vez rematadas as probas de piscina, os aspirantes dirixiranse á Praia de Razo para continuar co primeiro exercicio. **Poderán acceder a piscina as 09.00 h. para quentarse.**
- **Segundo exercicio:** En canto remate o primeiro exercicio, **Test ou exame de preguntas curtas**, que se realizará na Base de Protección Civil situada na Avda. do Ambulatorio, s/n, de Carballo.
- **Terceiro exercicio:** Proba oral (a continuación da escrita)

Sexto.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.gal.

ANEXO I: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 32 socorristas do concello de Carballo.

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	DATA REXISTRO	DNI CODIFICADO
1	MESEJO RAMA	ENRIQUE	202200000003411	15/06/2022	***7407**

ANEXO II: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de 5 socorristas

Nº	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	Data rexistro	DNI CODIF	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	NEGREIRA CAAMAÑO	PABLO	202200000003391	15/06/2022	***4471**	1

Causas de exclusión:

(1) Non achegar xunto coa inscrición no Rexistro Profesional previsto no parágrafo f) da base teceira copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado que figura no Anexo IV do Decreto 104/2012, así como non presentar o Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

Alcalde

Secretaria acctal.,

Evencio Ferrero Rodríguez

Carmen del Río Rodríguez

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe.
Secretaria acctal.,
Carmen del Río Rodríguez

